



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE VILARMAIOR PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE FIRME NO VIAL PACHOTE - ARNELAS

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

(2) Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Vilarmaior para executar obras de mellora do firme no vial Pachote – Arnelas.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.

O Concello de Vilarmaior manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o proxecto denominado: "mellora de firme vial Pachote - Arnelas", debido ao deterioro avanzado, resultado dunha combinación de factores climáticos adversos e un uso intensivo por parte de maquinaria pesada. Así mesmo, as actuacións contempladas inclúen a limpeza de cunetas nas dúas marxes do vial e a aplicación dun triple rego asfáltico, co obxecto de mellorar a capacidade estrutural e funcional do dito firme.

O dito Concello é un municipio cunha superficie de 30,3 km² e unha poboación de 1.234 habitantes (2023). A poboación é principalmente de carácter rural.





A poboación do concello ten un índice alto de avellentamento, os habitantes de mais de 64 anos son 406, o que representa un 32,90%.

O vial do proxecto presenta un pavimento que se atopa deteriorado debido ao tempo transcorrido desde a súa construción ou derradeira actuación de mantemento, ao desgaste polos axentes meteorolóxicos e ao incremento do tráfico experimentado nos últimos anos.

Aas ditas obras forman parte das actuacións que a propia Corporación pretende realizar neste tipo de viais, centradas basicamente no mantemento do sistema viario municipal, de cara a impedir un desgaste excesivo que faga mais custosas as reparacións no futuro así como a interconectar estradas autonómicas e/ou provinciais, facilitando aos veciños o intercambio na circulación entre estas.

As actuacións propostas permitirán recuperar as condicións de transitabilidade do vial municipal de Vilarmaior, asegurando a súa residencia fronte a condicións climáticas adversas e o tráfico de maquinaria pesada.

Con iso, mellórase a seguridade, prolóngase a vida útil do firme e garántese unha mobilidade cómoda e segura para todos os usuarios do vial.

Con esta actuación téntase solventar os problemas que afectan ao vial e ás súas marxes e contribuír á seguridade dos cidadáns que circulan por esas vías.

(3) **Finalidade:** O obxectivo común é mellorar as infraestruturas municipais, de forma que o concello poida prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

(4) **O convenio ten por obxecto** fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Vilarmaior para executar as obras incluídas no Proxecto: "mellora de firme vial Pachote – Arnelas", cun orzamento total de 48.241, 07 € (IVE incluído).

(5) **O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:** O Concello de Vilarmaior manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o Proxecto: "Mellora de firme no vial Pachote - Arnelas", debido ao seu deterioro polo uso continuado dos vehículos e maquinaria pesada e ás condicións climáticas adversas. Así mesmo as marxes do vial están erosionadas e as cunetas obstruídas por sedimentos, vexetación e residuos.





A solicitude fundaméntase na necesidade de atender o mal estado de conservación que presenta o vial municipal.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Vilarmaior.

Así mesmo, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración mais próxima aos administrados.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrencia pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

(6) Aplicación orzamentaria e importe: para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima cantidade de **corenta e oito mil dous centos corenta e un euros con sete céntimos (48.241, 07 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 100 % do orzamento do proxecto.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do





previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Por suplencia (Decreto 136/2024, do 20 de maio)
A vicesecretaría xeral
Vanessa Cal Ríos

